




- Quercus robur (árbores existentes)
- Quercus robur
- Acer rubrum
- Betula pendula
- Cercis siliquastrum
- Gleditsia triacanthos
- Platanus x Hispanica

- pavimento de formigón lavado
- pavimento de asfalto
- enlosado de granito silvestre abuxardado
- franxas de bioretención para recollida de pluviais
- pavimento xabre estabilizado e compactado tipo "HanseGrand"

- ACTUACIÓN BÁSICAS**
1. Nova Praza da Feira
 2. Área de xogos e extensión da carballeira con carballos de nova plantación
 3. Campo da Feira
 4. Enlace Rúa Gradín con Rúa S. Antonio creando un espazo peonil
 5. Novo espazo público e de acceso ao equipamento da policía municipal
 6. Porta do Sol
 7. Proposta de bolsa de aparcamentos en solo urbanizable





ENCONTRO RÚA IRMÁNS TRIGO CON RÚA GRADÍN




Atenuar a densidade e velocidade do tráfico permite a aparición de usos sociais, comerciais e hosteleros, humanizando o espazo público



A actual subordinación do cidadán respecto dos vehículos invírtese sen perder prazas, mediante distintas estratexias e elementos delimitadores



Proponse unha nova ordenación con criterios claros de ocupación do espazo no que o mercado semanal conviva cos restantes usos



A introdución de vexetación mellora a calidade do aire e o ciclo da auga, unificando ademais os espazos públicos e cualificándoos



- Carballeira do Campo da Feira
Mantense a carballeira existente, que se completará coa plantación de máis exemplares na zona superior
- Grada en pedra
Modificando o nivel existente xérase a grada que une Praza da feira coa carballeira, contribuíndo á continuidade do espazo público
- Xogos infantís
Como prolongación da carballeira, esta zona de xogos traerá as voces e alegría dos nenos, complemento para a plenitude da vida urbana
- Bancos de listóns de madeira
Estes bancos de gran tamaño centúan o carácter de espazo de estancia no mesmo tempo que liberan a zona central para distintas actividades: mercado, concertos, feiras temáticas, etc
- Pavimento filtrante en Praza da Feira
Superficie semidura con gran capacidade drenante, de baixo impacto ecolóxico e fácil mantemento
- Canle de granito
Estas bandas de granito silvestree confinan o pavimento permeable, recollendo o exceso de auga de escorrentía nos momentos de chuvía torrencial
- Zona de paso restrinxido
A nova praza non será de acceso a vehículos máis que de forma casual, levando a circulación ao perímetro

SECCIÓN TRANSVERSAL POR PRAZA DA FEIRA
0 1 5 10m




PRAZA DA FEIRA

SISTEMAS URBANOS DE DRENAXE SOSTIBLE E DESEÑO URBÁN

Franxas vexetais
Ademais de permitir a infiltración da auga no terreo e frear a escorrentía, permítenos crear espazos máis agradables ao tempo que reducimos o efecto "illa de calor"

Canle de granito
Recolle e conduce a auga de escorrentía cara aos sumidoiros


Pavimento filtrante tipo HanseGrand
O novo pavimento da Praza da feira filtra a auga en superficie permitindo a recarga de acuíferos e reducindo o caudal de auga de escorrentía que vai a rede municipal



Bio retenedores (xardín de chuva)
Inúndanse de auga de choiva nos momentos de máxima intensidade e a filtran ao terreo pouco a pouco.

Colector enterrado de pluviais
É o sistema de canalización de augas pluviais predominante na actualidade, recollendo as augas vertidas nos sumidoiros e conducíndas a un punto de evacuación. Coa incorporación dos sistemas permeables (pavimentos filtrantes e franxas vexetais e bio retenedores) a súa carga redúcese considerablemente.

ESQUEMA FRANXA BIO RETENCIÓN



A xestión da auga de chuva parte de considerar esta como un recurso e non como algo que rexeitar rapidamente a unha rede xeral de evacuación. xestionar a auga de chuva no lugar onde cae permite reducir a escorrentías sucias e mellorar a calidade da auga, ademais de limitar o efecto "illa de calor", reducir a pegada de carbono e mellorar a habitabilidade do contorno. No noso proxecto formulamos esa xestión mediante a utilización de pavimentos permeables e con franxas verdes de bio retención que seguen o modelo dos SUDS (sistemas urbanos de drenaxe sostible).

A supeficie permeable que constitúe a esplanada da Praza da feira e a área de xogos infantís, de xabre compactado e estabilizado tipo "HanseGrand" permite o paso da chuva ao seu través sen interferir no ciclo natural da auga, reducindo nunha gran extensión a cantidade de auga susceptible de ser levada á rede de saneamento. É un pavimento semiduro, de baixo mantemento, que non sofre calentamento no verán.

En canto aos SUDS, centrados nas franxas verdes situadas nos ámbitos extremos da praza, a auga de chuva das zonas pavimentadas circundantes é conducida hasta estas franxas plantadas con vexetación onde se filtra ao terreo. Así se xestiona a escorrentía da auga dunha maneira máis sostible, e se consegue un ambiente urbano naturalizado non só na súa imaxe senón no seu funcionamento.



Rúa Gradín

A estratexia de recuperar a rúa para o cidadán fomenta un espazo máis humano e ambientalmente máis sostible, permite a instalación de terrazas que sacan o espazo interior dos locais á rúa.

Iluminación

A iluminación proposta para a zona conxuga emisores de iluminación xeral e plana con outros que acentúan certos elementos urbanos




Zona bio retención

Os sardiños de chuva non son só unha forma de drenaxe sostible senón que tamén contribúen a organizar o espazo público e a introducir a vexetación na cidade

Rúa S. Antonio

Se traballa en xeral na zona cunha sección de rúa en plataforma única que reduce os obstáculos e fai posible a accesibilidade universal

ZONA DE ENCONTRO RÚA IRMÁNS TRIGO CON RÚA GRADÍN



LÍMITE DE GRANITO



PAVIMENTO FILTRANTE TIPO HANSEGRAND



PAVIMENTO DE FORMIGÓN LAVADO



BOLARDOS DE GRANITO



BIO RETENCIÓN (XARDÍN DE CHUVIA)



Terrazas na Praza da Feira
Entre o rectángulo que é en planta a Praza da Feira e as edificacións existentes aparecen pequenos recunchos, moi adecuados para a implantación de terrazas que leven a actividade comercial e lúdica a esta zona


Bancos ou límites de granito
Estes elementos lineais non só impiden o aparcamento incontrolado e guían a circulación do coche senón que tamén constitúen excelentes pezas de asentamento

Tránsito <20 km/h
A redución da velocidade na zona permite unha mellor convivencia entre coches e peóns, permitindo a incorporación de outros medios de transporte orientados a unha nova mobilidade máis sostible

Acceso a sé da Policía local
No ámbito de acceso á policía municipal se sitúa un aparcamento restrinxido para os seus vehículos que convive con naturalidade co espazo para o peón

Cercis Siliquastrum
A definición das especies arbóreas adáptase ás características de cada espazo urbano. O uso de especies caducifolias marca o paso das estacións. A utilización de arboredo tamén serve para atenuar o impacto producido pola diferenza de altura nas edificacións

SECCIÓN POR PRACIÑA DA POLICÍA LOCAL



A PRACIÑA DA POLICÍA LOCAL DESDE A PRAZA DA FEIRA